



## **LIGA DE NATACIÓN ESCOLAR CONCELLO DE VIGO 2022**

### **1. Organización.**

A Liga de Natación Escolar “**Concello de Vigo**”, está organizada pola Fundación Vide co patrocinio do Concello de Vigo e a dirección técnica do Club Natación Vigo Rías Baixas.

### **2. Sede.**

Piscina Municipal do Carme (Complexo Municipal das Travesas).

### **3. Datas.**

1ª Xornada: 24 de abril

2ª Xornada: 22 de maio

### **4. Horarios.**

As xornadas desenvolveranse entre as 9.00h e as 14.00h, podendo variar en función do volume de participación, indicándose en todo caso e con antelación suficiente, os posibles cambios ós colexios participantes.

### **5. Inscripción.**

Gratuíta.

Data límite inscrición: Pecharase o luns da semana de competición de cada unha das xornadas sempre que haxa prazas dispoñibles.

Os centros escolares, ampas ou responsable dos participantes do colexio remitirán o documento tipo de inscrición do colexio e as follas individuais dos/das participantes por mail ([vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)) ou nas oficinas da Fundación VIDE (rúa Cesáreo González s/n edificio IMD)

Documentos Tipo:

- Folla Tipo de inscrición individual: Cada colexio deberá enviar unha folla de inscrición por cada nadador/a que participe na Liga, na que debe constar nome completo e ano de nacemento, nome do/da pai/nai ou titor/a, número de teléfono e autorización segundo modelo adxunto.
- Folla Tipo de centro e do responsable da actividade: Os centros escolares remitirán os datos do centro e do responsable da actividade (teléfono de contacto, e-mail,...).

### **6. Categorías.**

- Promesas: Anos de nacemento: 2014, 2015 e 2016
- Benxamíns: Anos de nacemento: 2010, 2011, 2012 e 2013





## 7. Probas.

Programa das xornadas:

- 25 metros libres mixtos Promesas.
- 25 metros libres mixtos Benxamín.

## 8. Competición, puntuacións e clasificacións.

- As probas nadaranse polo sistema contrarreloxo.
- Os resultados serán acumulativos o final da liga, obtidos das dúas xornadas.
- Cronometraxe electrónico.
- A puntuación será 600, 400, 350, 250, 200, 150, 100, 70, 60, puntos dende o primeiro ate o décimo clasificado en cada proba e 50 puntos para o resto de clasificados/as.
- Clasificación de colexios: Para a clasificación de colexios, a efectos de puntuación, teranse en conta as puntuacións dos 3 primeiros nadadores masculinos e as 3 primeiras nadadoras femininas de cada colexio, en cada proba e categoría, con independencia do número de nadadores que participen por cada colexio, polo tanto obterase un colexio gañador en categoría benxamín e outro en promesa.
- As puntuacións serán expostas á maior brevidade posible.

NOTA: Os colexios poderán inscribir nadadores para a derradeira xornada. Non obstante, estes poderán participar na dita xornada pero os seus puntos non sumarán nin para a clasificación por equipos nin para a de participantes.

## 9. Participación e normativa.

- Aberta e gratuíta: A competición está aberta a todos/as aqueles/as nadadores/as matriculados/as nos colexios de Vigo (Públicos, Concertados ou Privados).
- Non existe limitación en canto ao número de nadadores/as que cada colexio poida inscribir en cada unha das probas a nadar en cada xornada.
- A organización contratará un seguro de accidentes para tod@s@s participantes.
- Dentro da piscina, os/as nadadores/as deberán estar sempre acompañados por un/unha delegado/da representante de cada colexio. Os colexios con moitos participantes serán informados do número de delegados necesarios (os delegados poden ser membros do colexio, do anpa ou un pai/nai voluntario). Se algún colexio non dispón de delegado poderá ser asignado polo Club Natación Vigo Rías Baixas.
- A Competición rexerese pola normativa federada vixente.





**10. Premios.**

- ✓ Medallas para todos/as os/as nadadores/as.
- ✓ Trofeo aos 3 Colexios con maior participación.
- ✓ Trofeo aos 3 Colexios mellor clasificados.
- ✓ Trofeos aos 3 primeiros/as clasificados/as masculinos e femininos en cada unha das categorías.

**11. Participación nadador@s con necesidades concretas.**

A organización poñerá a disposición d@s nadador@s con discapacidade os medios necesarios para que poidan participar de forma inclusiva, aínda que os centros deberán comunicar no momento da inscrición as características ou apoios necesarios.

***Que unha discapacidade non sexa unha barreira para ninguén***

**12. A ter en conta.**

- Farase entrega dun gorro de natación a cada nadador.
- Empregarase para a toma dos tempos dos nadadores un sistema de cronometraxe electrónico.
- No momento de participar cada nadador@ o seu nome d@s participantes de cada serie e o colexio co que participa, aparecerán nunha pantalla de televisión que se instalará na instalación para a ocasión.
- Ó remate da proba da derradeira xornada farase un descanso para acto seguido realizar a entrega das medallas e trofeos o participantes.
- Os resultados estarán recollidos nas páxinas de Deportes do Concello, Fundación VIDE e do Club Natación Rias Baixas.

